



INFORME: DEBERES DO PROFESORADO. ALUMNOS CON ENFERMIDADES. ACTUACIÓN EN CASO DE CRISE DA QUE FORON PREVIAMENTE INFORMADOS OS PROFESORES.

ORGANO PETICIONANTE: SECRETARÍA XERAL A INSTANCIA DA DELEGACIÓN DE EDUCACIÓN DE LUGO.

Recíbese nesta Asesoría Xurídica, petición de informe, iniciado pola Delegación da nosa Consellería en Lugo, nas que se formulan unha serie de cuestións con relación a un alumno do CEIP "Luís Tobío" de Viveiro con antecedentes de malformación arterio-venosa temporal dereita, edema a radiociruxia e convulsión parcial secundariamente xeralizada. Pregúntasenos, fundamentalmente o seguinte:

" Cando no informe médico se pide vixilancia no domicilio, ¿cabe proceder á escolarización do alumno?. Nun centro educativo ¿débase administrar medicación das características descritas?. En caso de que a resposta a cuestión anterior sexa afirmativa: ¿qué profesional deberá ser o encargado de administralo?. Se fortuitamente na administración da mediación coa cánula rectal se producira algún dano involuntario ó alumno ¿se incorrería en algún tipo de responsabilidade?".

Visto o cal, procede emitir o seguinte

INFORME

PRIMERO.- Dacordo có plantexado, procede facer en primeiro lugar un breve "excursus" sobre os deberes e funcións do profesorado, pois a cuestión que aquí se trae indirectamente é esa.

O art. 56 da Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de calidade da educación, sinala como funcións do profesorado as seguintes:

- a) A ensinanza das áreas, asignaturas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) Promover e participar nas actividades complementarias, dentro e fora do recinto educativo, programadas polos profesores e departamentos didácticos e incluídas na programación xeral anual.
- c) A contribución a que as actividades do centro se desenrolen nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de

- liberdade para fomentar nos alumnos os valores propios dunha sociedade democrática.
- d) A tutoría dos alumnos para dirixir o seu aprendizaxe, transmitir-lles valores e axudalos en colaboración cós pais, a superar as súas dificultades.
 - e) A colaboración, cós servicios ou departamentos especializados en orientación, no proceso de orientación educativa, académica e profesional dos alumnos.
 - f) A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lle sean encomendadas.
 - g) A participación na actividade xeral do centro.
 - h) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondente.

Dentro da función tuitiva do alumnado, sobre todo por creación xurisdiccional, débese incluír a vixianza deste dentro do horario escolar. Folga mencionar as múltiples sentencias do Tribunal Supremo que afirman cós deberes de vixianza que lle corresponden ós pais, transpásanse ós profesores no citado horario.

Así pois, o que aquí debemos tratar, é si este deber de vixianza esténdese nos casos de alumnos con doenzas, o deber de intervir, incluso se fora necesario, na súa integridade física mediante, como neste caso, a administración por vía rectal dun medicamento ante unha convulsión, ou noutro caso que se nos ven a memoria, a inxección a un alumno diabético que sofre unha hipoglucemia (baixada de sucre que pode levar o desmaio). Débese partir, como sucede aquí, que os pais comunican o profesorado tal doenza e lle sinalan o remedio ante esa situación de necesidade.

O principio xeral, inda que obvio, é ben sinxelo. A introducción dunha cánula por vía rectal, ou a práctica dunha inxección, inda sea intercutánea, desde a perspectiva dun profesor, é un acto médico para o que non está preparado, simplemente porque, como vimos, non forma parte da súa profesión.

O único deber o respecto do profesorado, nestes casos, é o deber de vixianza do alumno. Tal deber é mais riguroso o existir unha previa información dos pais ó respecto, o que lle esixe, chegado o momento da crise, xa non só alertar os servicios médicos urxentes, senón comunicarlles a estes esa previa información da que é depositario, para facilitar a recuperación do alumno de maneira rápida e eficaz. Xa dicía a Sentencia do Tribunal Supremo de 29-5-1998 que "...o deber de



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Asesoría Xurídica

vixianza non consiste nunha omisión das normas inexcusables ou aconsellables po'a mais vulgar ou elemental experiencia, senón no actuar axustado ou non a dilixencia esixible según as circunstancias do caso concreto...". Así pois, cumpridos aqueles requisitos ante un hipotético caso normal de convulsión do alumno, este Letrado entende có profesor estaría exento de calquera responsabilidade de tipo persoal.

SEGUNDO.- Vista a base anterior, estase en disposición de contestar as preguntas concretas que se nos formula na petición de informe:

1.- Cando no informe médico se pide vixianza no domicilio, ¿cabe proceder á escolarización do alumno?

Cabe facer aquí unha importante precisión a maiores. Só se pode negar a escolarización no centro escolar se existe un informe médico que xustifique, entendemos que de maneira expresa, que o alumno non pode asistir de xeito habitual ó seu centro escolar, e así o piden os pais. O art. 47 da Orde da Consellería de 27 de Decembro de 2002 (DOG de 30 de xaneiro de 2003) di: "A atención educativa hospitalaria ou domiciliaria terá como finalidade principal a de dar continuidade ó proceso formativo do alumnado en escolarización obrigatoria, que por prescripción facultativa non poida asistir de xeito habitual ó seu centro escolar". Concreta o artigo 49 que "Poderá ser destinatario da atención educativa hospitalaria ou domiciliaria o alumnado que, cursando ensinanzas de réxime xeral na modalidade presencial, por prescripción facultativa se considere que non poderá asistir ó seu centro por un período superior a un mes. ". En canto o procedemento, o art. 50 di: "A solicitude da atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, que irá acompañada dos debidos informes que a xustifiquen, formularase perante a correspondente delegación provincial pola dirección do centro ó que pertenza o alumno, a instancia dos seus pais ou titores legais".

2.- Nun centro educativo ¿débase administrar medicación das características descritas? Entendo a pregunta con relación o profesorado, se éste no centro ten a obriga de administrar a medicación que estudiamos.

Visto ó que xa dixemos, debemos contestar que non.

Non se entra a contestar a pregunta terceira, pois está supeditada a contestación afirmativa desta segunda.